



APROPIGA

Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia

TÁBOA BÁSICA REIVINDICATIVA



Táboa Básica Reivindicativa da Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia - APROPIGA

A seguinte Táboa Básica Reivindicativa realizada polo actual Consello Directivo de APROPIGA definirá as accións desta Asociación durante a etapa á súa fronte. Queremos propoñer e transmitir que se pode facer un proxecto de SPIF que axude e redunde en toda a sociedade galega, e en especial no seu **medio rural**, e un proxecto que supoña e implique melloras nas condicións dos seus traballadores.

Deste xeito, o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia leva dende os seus inicios sendo sostido grazas ó sacrificio duns profesionais mal pagados, con contratos temporais eternos e cunha formación e precariedade incompatible coas responsabilidades que se lles esixen. Habitualmente é utilizado como un servizo de usar e tirar, ó cal se lle da importancia estratéxica e atención nos períodos de alto risco e ante determinadas situacións de alta actividade incendiaria, pero que posteriormente é obviado, quedando esquecidas todas aquelas reformas e melloras necesarias.

Urxe unha **revisión do actual modelo de Servizo**, o cal podería considerarse como obsoleto, ancorado no pasado, caracterizado por unha improvisación constante na xestión e a falta dunha clara estratexia que defina unhas liñas mestras. Esta revisión semella máis un reforzo ou potenciación que un gran cambio de paradigma, o cal debe levar asociado melloras nas condicións laborais así como o cumprimento de compromisos adquiridos anteriormente cos traballadores.

Deste xeito, **a nosa principal demanda é a de propoñer un CAMBIO DO MODELO DO SPIF** a través dunha mesa de diálogo ou negociación que implique á Administración, ás Organizacións Sindicais e ós traballadores. Esta mesa, ó noso modo de ver, debe ir nunha dirección clara: **o SPIF como un servizo integral no medio rural de Galicia**. Esta revisión debe comportar o seguinte:

- A) Unha aposta decidida por unha prevención de incendios real e efectiva.**
- B) Un perfeccionamento do modelo de extinción de incendios.**
- C) A participación directa e automatizada do Servizo nas emerxencias do medio rural e natural da súa competencia.**

Dentro desta mesa de diálogo, e asociado ás 3 liñas anteriores, dende APROPIGA demandamos como **esixencias irrenunciáveis** as seguintes cuestións:

1. ESTABILIDADE

Dada a alta taxa de temporalidade que se rexistra actualmente no Servizo de Prevención contra Incendios Forestais de Galicia é necesaria unha redución desta a través da convocatoria de **ofertas de emprego público** que ofrezan estabilidade e garantan a seguridade laboral dos traballadores, priorizando a consolidación daqueles profesionais en fraude de lei e con unha experiencia dilatada no servizo.

2. TEMPO DE TRABAJO

Na procura da profesionalidade e diminución da precariedade laboral no SPIF resulta impensable a presenza de traballadores con contratos de 6 ou 9 meses ó ano. É fundamental o aumento do tempo de traballo e garantir a **prestación de servizos ó longo de todo o ano** para a totalidade dos traballadores, cun paso inmediato do persoal Fixo-Descontinuo de 9 meses a 12 meses como compromiso xa adquirido anteriormente, e un paso paulatino do persoal Fixo-Descontinuo de 6 meses a 12 meses.



3. FORMACIÓN

A formación do Servizo é sen dúbida un dos piares fundamentais deste, a cal debe asegurar a participación dos profesionais con plenas garantías e coñecementos especializados en cada unha das tarefas que realizan. Deste xeito é esencial a existencia dun **Plan de Formación** xeral que permita a realización de procesos continuos de formación especializada. Esta formación específica e continuada debe garantir unha maior versatilidade e operatividade dos profesionais do SPIF, así como poder facer fronte a todos os desafíos presentes e futuros que se presenten. A aplicación dos contidos dos certificados de profesionalidade, a potenciación da formación na EGAP ou a inclusión como colectivo e o pleno acceso dos Bombeiros Forestais á AGASP serían algunhas das liñas a seguir neste Plan.

4. RECUPERACIÓN DE DEREITOS

Os dereitos laborais e sociais recortados nos últimos anos fundamentalmente por mor da crise económica, que seguen ocasionando anos despois graves consecuencias nas condicións laborais do persoal, deben restablecerse de inmediato xa que non se xustifican no actual contexto socio-económico.

5. BASES E MEDIOS MATERIAIS

A operatividade e a loxística está a converterse en algo estratéxico no servizo, e é algo que necesita duns espazos de traballo, de almacenaxe, de organización e conservación dos materiais e equipos de traballo, o cal sumado á necesidade dunhas instalacións dignas para os profesionais motiva a necesidade dunha verdadeira **Rede de Bases** nas Comarcas Forestais e Distritos do rural galego. Estes espazos deben dar lugar a unha **maior dotación de materiais e ferramentas** que permitan un correcto desenvolvemento dos traballos encomendados así como a potenciación de sinerxías fundamentais para o futuro do Servizo.

6. XESTIÓN PÚBLICA E COBERTURA DE PRAZAS

Nun SPIF único e público, todos os medios que participan nel deben ser de carácter público. Deste xeito urxe a **recuperación da xestión pública** de todos os servizos que actualmente se atopan en mans de empresas privadas.

Asemade, esiximos a **cobertura inmediata de todas aquelas prazas vacantes e non vacantes** valeiras do SPIF de xeito que se favoreza a promoción tendo en conta a experiencia dos actuais traballadores. Esta falla de cobertura está a ocasionar graves déficits de persoal que resultan de moi difícil comprensión nun Servizo de Emerxencias.

Por último esta Asociación tratará de levar a cabo na súa actividade as seguintes cuestións:

- Recuperación da Plataforma en defensa do SPIF: tratando de acadar un espírito de consenso entre as OOS e os traballadores, así como volver á senda de acordos que se acadaron anteriormente.
- Divulgación da actividade que os profesionais do Servizo desenvolvan e a canalización a través da Asociación todas aquelas actuacións que redunden dun xeito positivo no colectivo.
- A realización de xornadas e formacións especializadas.
- Participar na petición dunha política forestal e medioambiental sostible.